

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE MOSTEIRO-MEIS
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
XUNTA DE GALICIA

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Curso 2017-18

Aprobado:
07/11/2017

CAPÍTULO I:
PLAN ANUAL
HORARIO XERAL DO CENTRO
ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS



CONTIDO

documento 1 PLAN ANUAL.....	4
1 INTRODUCCIÓN: O CENTRO ESCOLAR.....	4
1.1 DATOS DO CENTRO ESCOLAR	4
2 OBXECTIVOS PARA O CURSO 2017-18	8
3 MEDIDAS PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR.....	9
XESTIÓN E ORGANIZACIÓN.....	9
ESPAZOS E INSTALACIÓNS.....	9
ÁMBITO PEDAGÓXICO	9
CONVIVENCIA.....	10
RELACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA	10
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	11
SEGURIDADE E SAÚDE:.....	11
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	11
PROXECTOS E ACTIVIDADES.....	11
4 RECURSOS	13
4.1 RECURSOS HUMANOS	13
4.2 ÓRGANOS DE GOBERNO.....	14
4.3 ÓRGANOS COLEXIADOS.....	14
4.4 ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.....	17
4.5 RECURSOS PARA ATENCIÓN A DIVERSIDADE	19
4.6 PERSOAL NON DOCENTE.....	22
RECURSOS MATERIAIS.....	23
documento2. HORARIO XERAL.....	25
1 CALENDARIO ESCOLAR.....	25
1.1 Calendario de avaliacións	25
2 HORARIO LECTIVO.....	25
2.1 Quendas de vixancia dos recreos.....	27
2.2 Horas complementarias fixas.....	27
2.3 Horas complementarias non fixas.....	28
2.4 Criterios para a confección dos horarios do profesorado	28



3	HORARIO DE VERÁN	28
4	HORARIO COMEDOR.....	28
5	APERTURA DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	29
6	APERTURA Á COMUNIDADE ESCOLAR	29

documento 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS..... 31

1	TRANSPORTE ESCOLAR.....	31
2	COMEDOR ESCOLAR.....	33



DOCUMENTO 1

PLAN ANUAL

1 INTRODUCCIÓN: O CENTRO ESCOLAR

A Programación Xeral Anual é o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CPI Mosteiro-Meis, nel establécese a súa organización e fíxanse os obxectivos a acadar en cada curso académico.

Esta programación é un proxecto e, como tal, vén a ser unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito da reflexión e da análise, que se fai a partir dos recursos dispoñibles (humanos e materiais) e coa finalidade de conseguir o maior éxito escolar posible do noso alumnado.

1.1 DATOS DO CENTRO ESCOLAR

Datos e identificación do centro

Denominación	Centro Público Integrado Mosteiro-Meis		
Enderezo	Rúa do colexio nº2	Teléf.	886.15.13.79
Localidade	36637-0 Mosteiro	Fax	886.15.13.85
Concello (Provincia)	Meis (Pontevedra)	Correo	cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es
Código do Centro	36004708	Web	www.edu.xunta.es/centros/cpimosteromeis
Blog do Centro	http://cpimosteromeis.blogspot.com.es/		

Situación e contorna

O CPI de Mosteiro-Meis está situado á beira da estrada que comunica Mosteiro con Barrantes, na parroquia de San Vicente. A comunicación cos núcleos de poboación máis próximos é bastante boa no tocante á rede viaria pero precisa melloras en canto ao servizo de transporte público.



O noso alumnado

A meirande parte do alumnado de educación primaria procede do CRA de Meis. En secundaria ademais incorpóranse os alumnos e alumnas do CEIP de Armenteira e alumnado procedente do Concello de Ribadumia que por cuestións de proximidade xeográfica ou conveniencia loxística (comedor,...) escollen o noso centro. En total temos **336** alumnos/as, procedentes na súa meirande parte do Concello de Meis. **A maioría son usuarios do transporte e do comedor escolar.** O transporte está realizado polas empresas Rías Baixas (antes Cuíña), Abalo (antes Núñez Barros) e Transportes Raúl.

Máis dun 50% teñen como lingua materna o galego. Hai unha relación moi directa entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades), como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios.

A composición do alumnado por etapas é a que segue:

PRIMARIA											SECUNDARIA							
1ªA	1ªB	2ªA	2ªB	3ªA	3ªB	4ªA	4ªB	5ªA	5ªB	6ªA	1ªA	1ªB	2ªA	2ªB	2ªC	3ªA	3ªB	4ªA
17	17	14	14	21	0	18	19	13	14	25	22	22	18	17	18	15	15	29
TOTAL PRIMARIA:172											TOTAL SECUNDARIA:156							
TOTAL ALUMNADO CPI MOSTEIRO-MEIS: 328																		

Descrición do centro

O CPI de Mosteiro-Meis, está catalogado na Rede de Centros como centro de doce unidades de Educación Primaria e oito de ESO. Non obstante, neste curso vai funcionar con 11 de Ed. Primaria e 8 de ESO.

Consta de tres edificios e un polideportivo cuberto. Nun edificio está a administración e conserxería, xunto con tres aulas específicas e departamentos de ESO. Outro edificio alberga ao

ximnasio cun patio cuberto adosado e vestiarios. Finalmente atópase o edificio principal que consta de dous andares con aulas, departamentos, comedor e cociña.


Edificio principal planta baixa



Edificio principal primeiro andar



Edificio administración



Por último temos unha construción de uso vivenda chamada casa do conserxe, que actualmente está acondicionada para o uso como radio escolar e estudo de gravación. Tamén conta cunha pequena aula empregada pola ANPA. Estamos a tramitar o cambio de uso desta edificación.

Libros de texto establecidos no centro

Toda a información sobre os libros de texto que se establecen para os diferentes cursos de educación primaria e secundaria poden ser consultados na páxina web do centro, no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.es/centros/cpimosteromeis/?q=taxonomy/term/272>

Principios do centro

- O centro defínese plural e aconfesional, apostamos pola defensa dos valores democráticos e o desenvolvemento dunha educación rica en actitudes e valores.
- O centro tende cara a unha educación integral, activa e personalizada; préstase especial atención á diversidade do alumnado e favorécese a aprendizaxe significativa.
- Propiciamos un modelo de escola aberta que permita a interrelación coa comunidade e con outras institucións e entidades educativas, políticas, culturais, sanitarias...
- Considérase imprescindible a harmonía entre a educación que as alumnas e alumnos reciben nas súas familias e a que se imparte no Centro. Foméntase, xa que logo, unha estreita colaboración coas nais e pais, para harmonizar os criterios educativos.

Obxectivos xerais

- Instrumentar un sistema adecuado de orientación e titoría cos alumnos e alumnas que nos permita coñecerlos e adecuar o ensino ás distintas necesidades persoais.
- Conseguir o desenvolvemento pleno e harmónico de todas e cada unha das capacidades e valores subxacentes no ser humano (formación integral).



- Potenciar a consecución de hábitos, estratexias e técnicas instrumentais básicas como ferramentas que favorezan a aprendizaxe autónoma posterior.
- Fomentar as relacións de coordinación docente a partir do traballo en equipo.
- Establecer canles de relación familia-escola para favorecer a mellora da calidade do ensino.
- Crear un clima de traballo adecuado no que cada docente coñeza e utilice correctamente os seus dereitos e obrigas.
- Favorecer a plena participación e comunicación entre o profesorado e o alumnado, nun ambiente sereno e distendido, sen descoidar a importancia que posúe o proceso de ensino-aprendizaxe.

2 OBXECTIVOS PARA O CURSO 2017-18

O equipo directivo actual continuará mantendo os mesmos principios que rexerán as liñas de actuación:

- Transparencia na xestión do Centro.
- Aproveitamento de ter o alumnado no mesmo centro dende os 6 ata os 16 anos: posibilidade de establecer unha liña de actuación coherente ao longo de todo o ensino obrigatorio, establecer os obxectivos concretos para as diferentes etapas, ter un bo coñecemento das características do alumnado, facilitar o paso do alumnado dunha etapa a outra.
- Fomento da formación do profesorado en relación coa innovación educativa e nas novas tendencias pedagóxicas e o apoio para a súa implantación na aula nun modelo de ensino socioformativo.
- Realización da toma de decisións da forma máis consensuada posible, sen prexuízo dos dereitos de ningún membro da comunidade escolar.
- Propiciar un clima de convivencia agradable e relaxado como punto de partida para realizar un traballo de forma satisfactoria, tanto en relación ao profesorado como ao alumnado.
- Establecemento de acordos e liñas de traballo comúns entre o profesorado encamiñados a mellorar os resultados de éxito escolar do alumnado, entendendo como éxito non só a obtención do certificado en ESO, senón tamén a continuidade de estudos posteriores.
- Fomento dunha educación para a igualdade: igualdade en función do sexo, de crenzas, de razas, etc.
- Acceso á información por parte de todos os membros da comunidade educativa afectados polo proceso á que se refira dita información.
- Equidade e claridade na toma de decisións, sobre todo en situacións de conflito.
- Fomento dunha dirección participativa a través dos equipos ou comisións que realicen os proxectos concretos.
- Fomento da cooperación e do traballo en equipo entre o profesorado para facilitar as tarefas educativas e para aprender das experiencias positivas emprendidas por outras compañeiras e compañeiros.

- Fomento da relación cos pais/nais como base para que se impliquen no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Apoiar os proxectos que se efectúen e promover a participación en noutros novos que se consideren beneficiosos para o alumnado, sempre realizados con carácter voluntario.
- Potenciación da biblioteca como eixo de dinamización cultural do centro.
- Fomentar as relacións coa contorna e a apertura do centro educativo, colaborando con institucións, persoas ou entidades.

3 MEDIDAS PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR

En base á experiencia do ano pasado, centrarémonos en poucas actuacións, pero que teñan unha grande repercusión. Concretamos as seguintes actuacións prioritarias para o presente curso:

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

- Continuar coa centralización da información e documentación no espazo web do colexio para a súa consulta/descarga online dos documentos públicos.
- Unificación e codificación dos formatos para os documentos, coma programacións didácticas e para os proxectos.
- Publicar na web toda a información de consulta útil e promover a súa utilización na comunidade educativa.
- Mellorar o procedemento de aprobación e comunicación das actividades extraescolares.
- Utilizar o servizo de comedor escolar para aproveitalo como recurso didáctico.
- Elaborar un protocolo de benvida ao profesorado novo, que reflecta o modo de traballo neste centro, coa finalidade de adaptarse o máis rapidamente posible ao colexio.

ESPAZOS E INSTALACIÓNS

- Mellorar as instalacións do centro e modernizar a súa imaxe.
- Negociar coa consellería a posibilidade de instalación dunha prancha na cociña.
- Mellorar a decoración interior, en especial do comedor.
- Facilitar a recollida selectiva de residuos e aforro enerxético.
- Resolver o problema de filtracións de auga no edificio antigo.
- Rematar, na medida do noso orzamento, o acondicionamento dos aseos exteriores e as duchas para poder fomentar a hixiene do alumnado despois de realizar actividades de Educación Física.
- Pechar o centro cun porteiro automático.
- Cambio das fontes do patio.
- Acadar o cambio de uso da casa do conserxe.
- Peche do corredor existente entre o edificio antigo e o de administración para mellorar o confort no inverno no interior das nosas instalacións.
- Utilización das TICs para a comunicación do profesorado coas familias.

ÁMBITO PEDAGÓXICO



- Impulsar a utilización de metodoloxías activas para o desenvolvemento das competencias chave.
- Pór en valor o programa CUALE como un valor engadido ao noso centro, e posibilitar que alumnado externo poida matricularse cara á vindeira campaña.
- Continuar coa promoción da radio e as distintas plataformas on line de que dispoñemos para que sexan empregadas por unha gran parte do noso profesorado como recurso didáctico.
- Implantación do Google Classroom como ferramenta didáctica e de comunicación.
- Promover actividades didácticas desenvolvidas por profesorado e/ou alumnado de distintas etapas educativas para acadar un aproveitamento eficiente dos recursos dos que dispoñemos nun colexio coma o noso, no que convive a etapa de primaria coa de secundaria.
- Premiar os bos resultados académicos poñendo en valor aos alumnos e alumnas que traballaron ben durante o curso.
- Diseñar un plan de formación do profesorado que poña o acento en cuestións que sexan de inmediata e fácil uso na súa rutina de traballo.
- Verificar que as novas programacións adaptadas a LOMCE sexan documentos útiles, claros e homoxéneos para convertérense nun referente no noso traballo.
- Fomentar as técnicas de traballo cooperativo na aula fundamentadas na posta en práctica das ferramentas adquiridas no plan de formación do profesorado do presente curso.

CONVIVENCIA

- Implicar ao alumnado na resolución pacífica de conflitos, formando mediadores entre eles.
- Aumentar a oferta lúdica nos recreos para fomentar actividades e xogos de grupo.
- Continuar impulsando a realización de actividades que fomenten a igualdade entre sexos, a tolerancia e a convivencia harmónica entre razas e culturas diferentes.
- Colaboración cos servizos sociais do concello nos casos de alumnado conflictivo.
- Establecemento dun protocolo de comunicación e rexistro dos conflitos entre o alumnado.
- Outorgarlle á xunta de delegados máis notoriedade, establecendo un programa de reunións coa directiva onde se informe da marcha da convivencia nas aulas e para que eles sexan partícipes das decisións tomadas.

RELACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Manter unha relación de cooperación co concello. Facer actuacións co noso alumnado que repercuta no concello coa colaboración e implicación desta institución.
- Mellorar as canles divulgativas das actuacións e traballos que se fan no Centro.
- Dar prioridade ao impulso da páxina web e blog do centro como medio informativo e de relación coa comunidade.
- Continuar coas reunións de coordinación de fin de curso entre os departamentos de orientación e profesorado implicado co CRA de Meis.
- Apoiar á ANPA nas actividades extraescolares que realiza, así coma organizar de forma conxunta algunha actividade relevante.
- Promover, na medida do posible, actividades cos centros educativos próximos.



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Consolidar as actuacións encamiñadas a considerar os servizos complementarios, tanto de comedor como de transporte, como parte do proceso educativo do alumnado.
- Continuar coa celebración de xornadas gastronómicas en datas sinaladas para dinamizar o servizo de comedor e potenciar transversalmente o coñecemento xeográfico e cultural.
- Impulsar medidas que melloren a utilización do comedor: aspectos estéticos, reciclaxe de residuos, almacenamento dos utensilios, etc.
- Mellorar a información que se dá ás familias sobre o comedor.
- Diversificación dos menús.

SEGURIDADE E SAÚDE:

- Realizar as melloras necesarias para que os fluxos de evacuación cumpran coas recomendacións e achegas realizadas en base á análise dos resultados de anteriores simulacros.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- ED. PRIMARIA:
 - Asistencia do alumnado con ANEAE na aula de PT e de AL.
 - Apoios na aula por profesorado preferentemente do mesmo nivel en materias instrumentais.
 - Reforzos na aula polo propio profesorado.
 - Intervención na propia aula con apoios impartidos pola profesora de PT e AL.
 - Realización de ACS a alumnado con ANEAE.
 - Organización das diferentes medidas segundo as pautas establecidas no plan de atención á diversidade elaborado polo departamento de orientación.
- ED. SECUNDARIA:
 - Alumnado con ANEAE que asiste a aula de PT.
 - Alumnado con exención de francés que recibe reforzo nas materias instrumentais.
 - Desdoblamento específicos en Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas en 1º de ESO.
 - Intervención nas áreas de matemáticas e lingua castelá na propia aula con apoios impartidos pola profesora de PT.
 - Realización de ACS a alumnado con ANEAE.
 - Organización das diferentes medidas segundo as pautas establecidas no plan de atención á diversidade elaborado polo departamento de orientación.

PROXECTOS E ACTIVIDADES

Desenvolveranse ao longo do curso escolar os seguintes proxectos e actividades:

- **Plan de convivencia:** Actualización do plan existente.
- **Plan de formación permanente do profesorado:** Continuamos con outro plan bianual centrado en mediación e outra liña SEM.



- **Proxecto Erasmus+:** Até 2020 temos aprobado o proxecto de intercambio para 4ºESO con Galway (Irlanda) no que se beneficiarán 15 alumnos e alumnas por curso.
- **Club de lectura:** Continuaremos neste curso dada a boa experiencia do curso 2016-17.
- **Club de ciencia:** Optaremos novamente á convocatoria trala experiencia do curso pasado.
- **Participación en Galiciencia.**
- **Proxecto lector:** Respecto á hora de lectura, faremos lecturas seleccionadas polos profesores e profesoras a cargo da aula.
- **Froitas e lácteos na escola:** ao abeiro do proxecto xermolón, temos solicitado un ano máis este servizo.
- **Seccións bilingües:** Este curso continúan as catro seccións bilingües existentes en 3º e 4º de Educación Primaria, na área de Educación Plástica.
- **Continuidade do plan de apoio para a mellora da competencia en lingua inglesa.** Farase a través das materias impartidas en 1º e 2º de ESO "English in action" e "English go on".
- **Contratos-programa:** Solicitud de participación nos programas de Mellora da lectura, escritura e cálculo en primaria e secundaria e Programa de apoio na modalidade de reforzo e convivencia en secundaria.
- **Plan Proxecta:**
 - Solicitud de participación no **Programa RÍOS** para alumnado de ESO e de 2º e 3º ciclo de primaria.
 - Solicitud de participación no **Programa aliméntate ben.**
 - Solicitud de participación no **Proxecto Centros activos e saudables (DAFIS).**
 - Solicitud de participación no **Plan Xermolón e froita e lácteos na escola** para alumnado de ESO para estudar os hábitos alimenticios do alumnado e propor actividades encamiñadas a melloralos.
 - Solicitud de participación no **Programa Fitofaladoiro.**
- **Programa CUALE:** Clases de francés para obter a certificación oficial da escola de idiomas.
- **Proxecto TICs:** Implantación do Google Classroom.
- Posta en marcha do proxecto **xornalistas escolares.**
- Impulsar o **canal de radio e TV** do centro.
- **Proxecto de biblioteca:** Seguiremos na liña seguida estes últimos anos. Crear unha comisión no seo do consello escolar para informar a toda a comunidade educativa das actividades realizadas e tamén para comezar a traballar por proxectos en colaboración cos equipos docentes de diferentes niveis educativos.
- **Plan de fomento do uso do galego:** O plan concreto de actuación constitúe o documento 6 da Programación Xeral Anual.
- **Actividades culturais:** Faremos a segunda edición do SOLIFESTI dado o éxito da 1ª edición. Ademais, dende os distintos departamentos e ciclos, coordinadas dende o equipo de actividades complementarias e extraescolares, organízanse actividades como asistencia a representacións teatrais, exposicións e concertos, visitas a lugares de interese, visitas a museos, excursións de interese medioambiental, etc.
- **Actividades culturais. Musical:** Traballarase ao longo do curso coa finalidade de facer unha estrea do musical "**Clásicos de Disney**" no 3º trimestre

- **Actividades deportivas:** continuaremos coa celebración do cross escolar no que participen os distintos colexios do concello. A relación concreta deste tipo de actividades formará parte do documento 5 da Programación Xeral Anual.
- **Actividades conmemorativas:** Ao longo do curso celébranse distintas conmemoracións con actividades que implican a todo o centro, como o Magosto, o Entroido, o Día da Paz, festival de Nadal ou festival de fin de curso.
- **Actividades de convivencia e desenvolvemento de hábitos saudables:** Dende o Departamento de Orientación véñense desenvolvendo actividades neste sentido como obradoiro de bebidas saudables, charlas sobre prevención do consumo de drogas, obradoiros sobre a igualdade para prever a violencia de xénero e a discriminación racial ou cultural, charlas sobre a utilización de Internet e novas tecnoloxías, charlas sobre o acoso escolar, etc. Estas actuacións están especificadas e concretadas no Plan de Acción Titorial.

4 RECURSOS

4.1 RECURSOS HUMANOS

Durante o curso 2017-18 no CPI de Mosteiro-Meis impártense todos os niveis de Educación Primaria e de Educación Secundaria.

O cadro de persoal docente de educación primaria ampliouse con respecto ao ano pasado en 1 profesor. En canto ao profesorado de Secundaria contamos con un profesor menos que no curso anterior. **Hai un claustro de profesorado de 40 membros**, 18 de Ed. Primaria e 21 de Ed. Secundaria e unha orientadora para ambas etapas educativas

Están **funcionando catro Seccións Bilingües** en 3º e 4º de Primaria. Para este curso non contamos cunha **auxiliar de conversa** por renuncia da interesada despois do seu nomeamento.

Temos implantado un **programa CUALE** coa finalidade de acadar o título da escola oficial de idiomas en francés, que imparte a xefa de departamento de lingua francesa do centro.

O **comedor escolar é de xestión directa**, contando **cunha cociñeira e tres axudantes** como persoal de cociña e con **nove colaboradoras** do comedor.

Completa o persoal do centro **unha auxiliar administrativa e unha coidadora** para a atención de determinados alumnos con N.E.E.

A atención da **Conserxaría** está levada pola **empresa** e a **limpeza** do centro continúa realizada este curso **pola empresa**.

O seguinte cadro reflicte o persoal que traballa no centro.

PERSONAL DO CENTRO

PROFESORADO			
Profesorado ESO	21	TOTAL PROFESORADO	40
Profesorado EP	18		
Orientadora	1		



COMEDOR			
Cociñeiras	1	TOTAL PERSOAL COMEDOR	13
Axudantes cociña	3		
Colaboradoras	9		
OUTROS			
COIDADORA	1		
ADMINISTRATIVA	1		
AUXILIAR DE CONVERSA	1		
CONSERXE	1		

PERSOAL NON DOCENTE

Conserxe	Mirian Varela Rodríguez
Administrativa	Eva Sotelo Corbacho
Coidadora	M ^a Guadalupe Casal Pérez
Cociñeira	Lucía Domínguez Baños
Axudantes cociña	Carmen Castro Méndez
	Begoña Paz Varela

4.2 ÓRGANOS DE GOBERNO

DIRECCIÓN CPI MOSTEIRO-MEIS

Director	Luis Camilo Fernández Álvarez
Xefe estudos ESO	Miguel Daporta Méndez
Xefe estudos EP	Manuel Muñoz Hermida
Secretaria	Carlos Dopazo Fontán

Como principal cometido está velar para que se leve adiante con éxito o que recolle este plan xeral anual, tratando de melloralo se cabe, impulsar as relacións co resto da comunidade mediante a información e a organización de recursos, así como garantir os dereitos de todos os membros da comunidade. Respecto a cada membro, velar porque realice aquelas funcións que lle son propias e que están recollidas no regulamento.

En caso de ausencia **substitúe ao director Don Miguel Daporta Méndez.**

4.3 ÓRGANOS COLEXIADOS

- 1) **CLAUSTRO DE PROFESORES.** Reunirase en sesión ordinaria os martes pola tarde cando sexa necesario e será convocado, a través do correo electrónico, cunha semana de antelación pola



dirección do centro. Os claustros extraordinarios poderán celebrarse calquera outro día a calquera outra hora. Trataranse todos os temas relacionados con:

- a. A organización pedagóxica.
- b. Os protocolos de actuación fronte ás diferentes circunstancias que poidan xurdir.
- c. Todo tipo de actividades.

Nas actas, recolleranse a asistencia, os acordos tomados que terán carácter vinculante e as intervencións que se soliciten expresamente.

O CLAUSTRO

1	Muñoz Heras, María Luz	Titora	Primaria	21	Magariños, Carlos	Matemáticas	ESO
2	María Dorado Varela	Titora	Primaria	22	Barros Borrajo, J. Antonio	Fís. e Quím.	ESO
3	Pilar Rodríguez Rivas	Titora	Primaria	23	Fernández Caeiro, Manuel	Inglés	ESO
4	Julia Martínez Arranz	Titora	Primaria	24	Martínez Mateos, Pilar	Inglés	ESO
5	Muñoz Hermida, Manuel	Titor	Primaria	25	Gamallo, Cristina	Francés	ESO
6	Rey Pérez, Mar	Titora	Primaria	26	Vázquez Villarreal, Ana	L. Castelá	ESO
7	González Mato, Pilar	Titora	Primaria	27	Casalderrey Fraga, Natalia	L. Castelá	ESO
8	Valiño González, M ^a Jesús	Titora	Primaria	28	Pazos García, Fernando	L. Galega	ESO
9	Cabaleiro Glez, José Raúl	Titor	Primaria	29	Varela, María Luz	L. Galega	ESO
10	Tato Gulías, Julio	Titor	Primaria	30	Daporta Méndez, Miguel	Ed. Física	ESO
11	Silvia Dapena Lojo	Titora/Inglés	Primaria	31	Santiago, Nuria	Ed. Física	ESO
12	Vidal Tobío, Jose Pascual	Inglés	Primaria	32	Quintáns Ruido, Celia M ^a	Música	ESO
13	Prado Espiñeira, Javier	Audición e Linguaxe	Primaria	33	Mato, Mónica	Xeogr/hist	ESO
14	Dopazo Fontán, Carlos	Ed. Física	Primaria	34	Ojea Bouzo, Camilo	Bioloxía/xeol	ESO
15	Morgade Pichel, Adolfo	Ed. Física e informática	Primaria	35	Fernández Suárez, M ^a Isabel	Relixión	ESO
16	Sierra Román, Luisa	PT	Primaria	36	Martínez Astor, Alicia	Tecnoloxía	ESO
17	González Neira, Ana	Música	Primaria	37	Fernández Álvarez, Luis C.	Tecnoloxía	ESO
18	Graña Bouzada, Manolo	Relixión	Primaria	38	Gómez González, Belén	Plástica	ESO
19	Collazo, Margarita	Matemáticas	ESO	39	Louzán, Raquel	PT	ESO
20	Guerra, Rosa María	Matemáticas	ESO	40	Trillo, Paula	Orientadora	

Cadro de reunións ordinarias do Claustro

7setembro

7novembro

16 xaneiro

3 abril

28 xuño

Ver calendario na páxina 23

2) CONSELLO ESCOLAR. As reunións do consello escolar realizaranse un mínimo de 4 veces no presente curso. Nas normas de organización e funcionamento (NOF) están perfilados os asuntos a tratar nas reunións do consello.

As convocatorias serán enviadas por correo electrónico a aqueles compoñentes do órgano colexiado que dispoñan do mesmo. Este ano está previsto realizar eleccións ao consello escolar para a súa renovación parcial.

Representantes	Apelidos, nome
Profesorado	Fernández Caeiro, Manuel Ángel Graña Bouzada, Manuel Ojea Bouzo, Camilo Rey Pérez, Mar
Pais/nais	Maquieira Fariña, M ^a José
Alumn@s	Cayo González, Mateo Abal Dozo, Adrián Outón Cores, Uxía
Concello	
Membros natos	Fernández Álvarez, Luis Camilo Dopazo Fontán, Carlos Daporta Méndez, Miguel Muñoz Hermida, Manuel

Cadro de reunións ordinarias do Consello Escolar

7 outubro

16 xaneiro

3 abril

28 xuño

4.4 ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO

DEPARTAMENTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA				
Departamento	Xefe/a departamento	Profesorado adscrito	Departamento	Xefe/a depto
Inglés	Manuel A. Fernández	Pilar Martínez	Física e química	Antonio Barros
L. Castelá e Literatura	Ana Vázquez Villarreal	Natalia Casalderrey	Francés	Cristina Gamallo
L. Galega e Literatura	Fernando Pazos García	M ^a Luz Varela	Música	Celia M ^a Quintáns
Ed. física e deportiva	Miguel Daporta	Nuria Santiago	Xeografía e historia	Mónica Mato
Relixión	María Isabel Fernández	Manuel Graña	Ciencias Naturais	Camilo Ojea
Tecnoloxía	María Alicia Martínez	Luis C. Fernández	Artes Plásticas	Belén Gómez
Matemáticas	Rosa María Guerra	Margarita Collazo; Carlos Magariños		
Orientación	Paula Trillo Fontán	Luisa Sierra Román Raquel Louzán Escudero Javier Prado Espiñeira Manuel Muñoz Hermida		

TITORÍAS PRIMARIA			TITORÍAS SECUNDARIA		
Curso	Titores	alumn@s	Curso	Titores	alumn@s



1ºA	Mª Luz Muñoz Heras	17	1ºA	Natalia Casalderrey Fraga	22
1º B	María Dorado	17	1ºB	Belén Gómez Glez.	22
2ºA	Pilar Rodríguez	14	2ºA	Antonio Barros Borrajo	18
2ºB	Julia Martínez Arranz	14	2ºB	María Alicia Martínez Astor	17
3ºA	Manuel Muñoz Hermida	21	2ºC	Carlos Magariños	18
4ºA	Mar Rey Pérez	18	3ºA	Fernando Pazos	15
4ºB	Pilar González Mato	19	3ºB	Mª Isabel Fernández Suárez	15
5ºA	J. Raúl Cabaleiro	13	4ºA	Manuel A. Fernández	29
5ºB	Mª Jesús Valiño González	14			
6ºA	Julio Tato Gulías	25			
				TOTAL	156
	TOTAL	172			

EQUIPOS E PROXECTOS

Proxectos	Coordinador/a	Profesorado implicado
Dinamización da normalización lingüística	Pilar Rodríguez	Manuel Muñoz Hermida José Raúl Cabaleiro Fernando Pazos García María Luz Varela
Actividades complementarias	José Raúl Cabaleiro	Manuel Muñoz Hermida Fernando Pazos García
PLAMBE Biblioteca	Adolfo Morgade Pichel	Pilar Martínez Mateos Pilar González Mato Mª Jesús Valiño González José Pascual Vidal Tobío Natalia Casalderrey Fraga Julio Tato Gulías Mª Luz Heras María Dorado Mar Rey Javier Prado Espiñeira Luisa Sierra Román
Dinamización da convivencia escolar	Paula Trillo Fontán	Luisa Sierra Román Raquel Louzán Escudero Manuel Muñoz Hermida Javier Prado Espiñeira



Dinamización das TIC	Javier Prado Espiñeira	Luis Camilo Fernández Álvarez Manuel Muñoz Hermida
Seccións Bilingües	José Pascual Vidal Tobío	
Contratos-programa	Luis C. Fernández	Manuel Muñoz Hermida
Plan Proxecta: Proxecto Ríos	Camilo Ojea Bouzo	
Plan Proxecta: Proxecto xermolón	Miguel Daporta Méndez	
Plan Proxecta: programa DAFIS	Miguel Daporta Méndez	
Proxecto Erasmus+	Luis Camilo Fernández Álvarez	Belén González Camilo Ojea Bouzo
Plan formación permanente profesorado	Paula Trillo Fontán	Ver proxecto PFPP
Club de Ciencia	Camilo Ojea Bouzo	Tono Barros
Club de lectura	Adolfo Morgade Pichel	

4.5 RECURSOS PARA ATENCIÓN A DIVERSIDADE

En canto ás medidas de atención á diversidade realízanse apoios e reforzos na educación primaria e na ESO, agrupamos o alumnado en tres 1º de ESO. En 1º e 2º ESO ofertamos o reforzo en inglés.



Procurarase a máxima integración destes alumnos no seu grupo sen que a atención individualizada supoña un illamento do alumno/a. O reforzo educativo tentará ser un elemento motivador compensatorio da capacidade e ritmo de desenvolvemento deste alumnado. As adaptacións curriculares, así como os agrupamentos puntuais deste alumnado na aula específica, non deben ser nunca definitivas nin permanentes na etapa, debendo manterse o tempo necesario pero establecendo un período de remate das mesmas. Con posterioridade poderase seguir co reforzo educativo.

Criterios para a organización da atención á diversidade.

- 1) Alumnado con NEAE e informe do Departamento de Orientación.
- 2) Alumnado con dificultades para aprendizaxe ou repetidor, con informe do orientador ou a petición do titor previo exame por parte dun membro do equipo de orientación.
- 3) Alumnado con problemas de conduta.
- 4) Alumnado procedente do estranxeiro.
- 5) Disponibilidade horaria do profesorado.

Equipo de Orientación.

As funcións do equipo serán contribuír ao desenvolvemento do plan de acción tutorial, facer un seguimento do alumnado con NEAE, facer estudos pedagóxicos dese alumnado, prestar asesoramento na elaboración das medidas ACS e RE, colaborar nos plans de apoio, aplicar probas tipo, elaborar informes, entrevistarse coas familias, participar nas xuntas de avaliación,

O departamento de Orientación traballará de xeito coordinado cos titores/as e profesores/as especialistas para determinar as actuacións de atención. As actividades a realizar polo Departamento de Orientación e Plan de Acción Tutorial figuran na súa programación.

O centro conta con dúas aulas de Pedagogía Terapéutica unha para EP e outra para ESO, ademais conta cunha aula de AL. Cóntase cunha persoa coidadora contratada pola administración, que presta axuda ao alumnado integrado que necesite especial atención polas súas características.

Concreción anual do Plan de Atención a Diversidade .

Medidas extraordinarias e ordinarias: Son as actuacións que se toman nun centro para responder a unhas necesidades educativas específicas moi concretas que presenta o alumnado e requiren da organización duns recursos persoais e materiais concretos. Adóptanse cando se esgotaron as medidas ordinarias. Este curso, estamos realizando as seguintes ordinarias e extraordinarias:

- 1) **Reforzos educativos:**
 - a. Dentro da aula (medida ordinaria) realizado polos docentes.
 - b. Dentro da aula (medida extraordinaria) realizado pola PT de primaria.
 - c. Fóra da aula polos mestres/as especialistas de PT e AL.
- 2) **Adaptacións curriculares individualizadas.** Modificacións que se realizan, previa avaliación psicopedagóxica, que afecta aos elementos prescritivos do currículo oficial por modificar obxectivos xerais da etapa, contidos básicos das diferentes áreas curriculares e criterios de avaliación.

Daranse prioridade ás medidas ordinarias sobre as medidas extraordinarias que só se utilizarán cando, estando esgotadas as vías anteriores, non existan outras alternativas ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine. A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias que se determinen. A implantación das medidas de carácter extraordinario deberá contar coa aprobación das instancias oportunas e axustarse a lexislación pertinente que regula o procedemento a seguir respecto á súa adopción.

Organización dos apoios e reforzos

O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado coa fin de facilitar a consecución dos obxectivos en cada etapa educativa. Naqueles casos de **ANEAE**, o diagnóstico da orientadora do centro debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Non será necesaria a emisión do informe no caso de dificultades da fala, que serán atendidas polo mestre de AL, sempre que a súa dispoñibilidade horaria llo permita.

Os apoios dirixiranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en conformidade á mesma. Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.

As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

O apoio será en aula ordinaria sempre que sexa posible. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:

- 1) A resposta educativa que precise o alumno/a con ANEAE non poida arranxarse con fórmulas máis normalizadas (alumnado con desfase curricular considerable).
- 2) Alumnado que teña que recibir atención específica por parte do especialista de Audición e Linguaxe. Serán sesións curtas preferiblemente de media sesión.
- 3) Alumnado de distintas aulas agrupado nunha mesma sesión.
- 4) Alumnado con descoñecemento das linguas da comunidade.
- 5) Alumnado de 2º e 3º ciclo de E.P. e da ESO que non domine as técnicas instrumentais básicas.

Estes apoios realizaranos as especialistas de Pedagogía Terapéutica e a especialista de Audición e Linguaxe.

Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na intervención co alumno/a concreto que presenta algunha alteración respecto á norma.

CADROS DE ORGANIZACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

PRIMARIA (172 alumnos)



Grupos por nivel		Apoios	Reforzos		Reforzos	
			Pedagogía Terapéutica		Audición e Linguaxe	
		Horas semanais	Nº alumn@s	Nº sesións por alumn@	Nº alumn@s	Nº sesións
1º	2 grupos	4	3	4	9	13
2º	2 grupos	2	2	2	2	3
3º	1grupos	2	6	5	3	3
4º	2 grupos	2	6	3	3	2
5º	2 grupos	2	4	2		
6º	2 grupos	0	0	0		

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. SECUNDARIA		
Medida	Área na que se adopta	Niveis
Desdobres	Lingua Galega/L.Castelá/Matemáticas	1º ESO
Desdobres	Inglés	4º ESO
Reforzos PT	Linguas e matemáticas (exentos francés + 1 en 1ºESO + 3 en 2ºESO + 1 en 3ºESO)	1º, 2º e 3ºESO

En 1º e 3º da ESO temos 1 estudante respectivamente con adaptación curricular significativa.

4.6 PERSOAL NON DOCENTE

Coordinador: Carlos Dopazo Fontán (Secretario do Centro)

Administrativa: Eva Sotelo Corbacho

Horario: De 8:45 a 15:15 h. ; tardes do luns e martes de 16:00 a 18:30 h.

Auxiliar Técnica Educativa (Coidadora): M^a Guadalupe Casal Pérez

Horario: De 9:00 a 14:15 h.

Conserxe (contratada pola empresa ClaroSol): Mirian Varela Rodríguez

Horario: Luns e martes: mañás de 8:45 a 15:00 h.; tardes 16:30 a 18:10 h. Resto de 08:45 até 15:45.

Persoal de cociña:

Lucía Domínguez Baños (cociñeira)	Begoña Paz Varela
Carmen Castro Méndez	María Codina Penelas


Horario: De 9:30 a 17:00 h**Colaboradoras do comedor:**

Juana Cardalda Carreira	Raquel Barros Casais
Lino Barreiro Torres	Rosana García Pouso
M ^a Teresa Laiño Varela	Sandra Diz Martínez
Herminia Varela Varela	María Cristina Salgado Rivas
Mercedes Cores Martínez	

Horario: De 14:15 a 16:00 h (Até as 16:30 os luns)

Compañía de limpeza: A limpeza do centro está adjudicada por parte da Consellería á compañía SAMIL. O persoal de limpeza contratado é o seguinte:

- Mercedes Giráldez Señoráns
- María Victoria Martínez Oubiña
-

RECURSOS MATERIAIS**BOSQUEXO DOS ESPAZOS DO CENTRO****Plano xeral**

- Plano zona administración. Edificio novo (ver páxina 6).
- Plano planta baixa. Edificio antigo (ver páxina 6).



- Plano 1º andar. Edificio antigo (ver páxina 7).

USO DOS ESPAZOS E NOVOS RECURSOS

Cabe subliñar que todas as aulas onde se imparte clase están dotadas de **encerado dixital**. Todos os departamentos teñen o seu equipo portátil e temos wifi en todo o centro.

Para garantir os hábitos de hixiene arranzáronse as duchas das instalacións deportivas de xeito que temos **auga quente sanitaria** nos vestiarios.

Na **casa do conserxe** estámola aproveitando como estudo de gravación e radio escolar.

A **biblioteca** grazas o esforzo do profesorado implicado e aos proxectos emprendidos coma o PLAMBE é un espazo agradable moi utilizado como recurso e complemento das clases tanto en primaria coma en secundaria.

Ao ter organización de aula-materia, o alumnado de ESO dispón de taquillas para manter o seu material organizado e gardado para evitar levalo consigo ás aulas.

Cadro de espazos	
Tipo	Número
Aulas Primaria	14
Aulas Secundaria	9
Aulas específicas	3
Aulas informática	3
Laboratorios	2
Salas para departamentos	5
Salas coordinación ciclos Primaria	3
Sala de reunións	1
Sala do profesorado	1
Biblioteca	1
Salas para administración e xestión	2
Ximnasio	1
Patios cubertos	2
Comedor	1
Cociña	1
Aseos	15
Vestiarios	2
Almacéns e outros	3

Espazos casa do conserxe

5

DOCUMENTO2. HORARIO XERAL

1 CALENDARIO ESCOLAR

O calendario escolar do curso 2017-18 está establecido na [Orde do 12 de xuño de 2017 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2017/18 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia](#). O período de actividades lectivas para Educación Primaria abrangue dende o **11 de setembro** de 2017 até o **21 de xuño de 2018**. O período de actividades lectivas para Educación Secundaria Obrigatoria abrangue dende o **15 de setembro** de 2017 até o **21 de xuño** de 2018.

Por mor da realización de actividades complementarias, solicítase ao Xefe Territorial **unha modificación da xornada escolar os días 21 de decembro (Nadal), 9 de febreiro (Entroido) e 21 de xuño (Fin de curso)**. As modificacións solicitadas concréntanse no peche do comedor escolar nesas datas e como consecuencia, por necesidades do transporte, **que as clases rematen ás 13:30h**.

Os días non lectivos propostos polo claustro, aprobados polo consello escolar e solicitados ao Xefe Territorial son o **13 de outubro** e o **18 de maio**. Estes días están consensuados co CRA de Meis e o CEIP de Armenteira.

1.1 CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

ETAPA	AVALIACIÓN				
	INICIAL	PRIMEIRA	SEGUNDA	ORDINARIA	EXTRAORD.
PRIMARIA	10/10/2017	18 e 19/12/2017	19 e 20/3/2018	18 e 19/6/2018	
ESO	9/10/2017	19/12/2017	22/3/2018	22/6/2018	

2 HORARIO LECTIVO


Durante os períodos lectivos o Centro permanecerá aberto todos os días de 9:00 h a 16:00h e os luns e os martes en horario de tarde de 16:30 h a 18:10 h.

EDUCACIÓN PRIMARIA		EDUCACIÓN SECUNDARIA		CUALE
Sesión	Tramo horario	Sesión	Tramo horario	Martes e xoves
1ª	9:15 - 10:04	1ª	9:15 - 10:04	16:30 - 17:30
2ª	10:04 - 10:53	2ª	10:04 - 10:53	17:30 - 18:30
3ª	10:53 - 11:42	3ª	10:53 - 11:42	
4ª	11:42 - 12:12	RECREO	11:42 - 12:07	
RECREO	12:12 - 12:37	4ª	12:07 - 12:57	
4ª	12:37 - 13:26	5ª	12:57 - 13:46	



5^a	13:26 - 14:15		
		6^a	13:46 - 14:35
		Luns	
		7^a	16:30 - 17:20
		8^a	17:20 - 18:10

CALENDARIO ESCOLAR, CADRO DE REUNIÓN E AVALIACIÓN



2.1 QUENDAS DE VIXIANCIA DOS RECREOS.

Os períodos de descanso serán de vinte e cinco minutos para o alumnado de educación secundaria e primaria.

Establécense as quendas do uso das instalacións para este tempo de lecer. O alumnado utilizará os patios da zona exterior en horarios diferentes. O **alumnado tamén poderá ir á biblioteca** neste tempo de lecer. As quendas para o control das entradas e saídas dos alumnos do centro serán atendidas polo persoal que realiza as gardas de acompañamento. O cadro de gardas de recreo está reflectido no libro de gardas localizado na sala do profesorado.

2.2 HORAS COMPLEMENTARIAS FIXAS.

As horas complementarias fixas en EP quedan distribuídas segundo figura no horario persoal de cada mestre.

Todos os martes lectivos de cada mes acudirase de tarde para facer as reunións da CCP e as de Coordinación de Ciclo/nivel, EDLG, ACE, ... e a hora **de atención ás familias**.



Na ESO figuran dentro do horario persoal de cada membro do claustro. As sesións de Atención a Pais están no cadro horario de cada docente sendo as familias informadas puntualmente deste horario..

2.3 HORAS COMPLEMENTARIAS NON FIXAS.

Educación Secundaria: un martes lectivo de cada mes o profesorado que forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Ademais, de mércores a venres por quendas, todo o profesorado, acude ao centro en horario de 14:30h a 16:00h para abrir a biblioteca mentres o alumnado está no recreo do comedor.

Tamén terán lugar, preferentemente os martes, cando sexa preciso as reunións de Órganos Colexiados, avaliacións e reunións dos grupos de traballo ou dinamización.

2.4 CRITERIOS PARA A CONFECCIÓN DOS HORARIOS DO PROFESORADO

Os criterios que procuran a confección dun horario equilibrado para todos/as, alumnado e profesorado, son os seguintes:

- 1) Distribuír as materias dos profesores ao longo da semana.
- 2) Non coincidencia de tres materias de menor asignación horaria.
- 3) Disposición dos espazos con respecto ás aulas do Ximnasio e a Aula de Música. /Aula Tecnoloxía / Informática para compartir a súa utilización.
- 4) Compensación de horarios entre profesores/as para que non haxa grandes diferenzas.
- 5) Se hai problemas específicos nas clases teranse en conta as recomendacións dos titores/as con respecto a certas materias.
- 6) Faise unha sondaxe entre o profesorado para posibles suxestións ou preferencias, sempre que se poidan cumprir.
- 7) Que en todas as horas teñamos alguén de garda, polo menos unha persoa.
- 8) Condicionantes polos desdobramentos e materias optativas, e dispoñibilidade de aula.

3 HORARIO DE VERÁN

Finalizado o curso escolar, o centro permanecerá aberto ao público polas mañás durante o mes de xullo, **de 9:00 a 14:00h na primeira quincena e de 10:30 a 13:00h na segunda quincena**. O mes de agosto estará pechado.

4 HORARIO COMEDOR

A mediodía, funcionará o servizo de **atención e vixilancia do comedor** de 14:15 ata as 16:00h de martes a venres e até as 16:30 os luns (para o alumnado de Secundaria).

Dado o elevado número de usuarios do comedor, este organízase en dúas quendas.



QUENDAS DE COMEDOR	
Ed. Primaria	Ed. Secundaria
1ª quenda: 14:15- 15:00	2ª quenda: 15:00- 15:45
O alumnado de Primaria espera a que o alumnado de Secundaria remate o comedor, excepto os luns.	O alumnado de Secundaria marcha ao rematar o comedor excepto os luns que ten clase pola tarde.

5 APERTURA DA BIBLIOTECA ESCOLAR

O Centro **permanecerá aberto as tardes de luns e martes, en horario de 16.30 a 18.10**. Os luns desenvólvense actividades lectivas na ESO, os martes realízanse reunións do profesorado e titorías de atención a pais/nais do alumnado de Primaria.

De mércores a venres está aberta a biblioteca escolar en horario de 14:30 a 15:45 para atender ao alumnado que acuda a ela. Isto supón unha novidade deste curso. A finalidade é promover o uso da biblioteca como espazo de estudo e de consulta para o alumnado que queda no comedor ou permanece no centro esperando ao transporte.

Establécense quendas de asistencia do profesorado para os mércores, xoves e venres, con cargo ao horario de permanencia no centro do cómputo mensual, de acordo coas seguintes directrices:

- O profesorado poderá intercambiar as quendas previo acordo.
- O profesor ou profesora de garda permanecerá no centro de 14:30h a 15:45h e manterá a Biblioteca aberta para atender ao alumnado que asista.
- O profesorado de garda anotará as incidencias, se as houber, no libro de gardas e comunicarallas ao equipo directivo.

Durante os tramos lectivos o equipo da biblioteca organiza o horario de reservas para a súa utilización en actividades docentes e para o seu uso libre.

6 APERTURA Á COMUNIDADE ESCOLAR

Ademais da apertura da biblioteca para o seu uso pola comunidade escolar, tamén queremos fornecer a **colaboración coas institucións, a ANPA e o resto da comunidade escolar**. Sempre que sexa posible permitiremos o uso das nosas instalacións previa petición e estudo. Actualmente cedemos a casa do conserxe para as reunións da directiva da ANPA. Tamén cedemos os nosos espazos para as actividades extraescolares programadas pola ANPA e o Concello. O seguinte cadro reflicte os horarios de apertura para estas actividades.



Actividades da ANPA, Concello de Meis e Asociacións de Meis

ENTIDADE	ACTIVIDADE	DATA DE SOLICITUDE	LUGAR DE REALIZACIÓN	DÍA	HORARIO
ANPA	Baile moderno	Outubro 2017	Ximnasio	Martes	16:00 a 17:00 h
ANPA	Pintura	Outubro 2017	Casa conserxe	Mércores	16:00 a 17:30 h
ANPA	Robótica	Outubro 2017	Aula informática	Xoves	16:00 a 17:00 h
ANPA	Fotografía dixital	Outubro 2017	Aula informática	Venres	17:00 a 18:30 h
ANPA	Ximnasia rítmica	Outubro 2017	Ximnasio	Venres	18:30 a 20:30 h
Concello	Zumba	Setembro 2017	Ximnasio	Luns e venres	21:30 a 22:30h

***E aquelas actividades que solicite o Concello ao longo do curso escolar e estean aprobadas polo consello escolar**

DOCUMENTO 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

1 TRANSPORTE ESCOLAR

O C.P.I. Mosteiro- Meis dispón do servizo de transporte escolar para o alumnado de Educación Primaria e Secundaria que o solicite, sendo a meirande parte do alumnado do centro usuarios de transporte escolar.

A súa organización está supeditada ao convenio asinado entre a Consellería de Educación e as empresas de transporte.

A folia de ruta é o documento oficial onde quedan rexistradas as paradas autorizadas para cada bus e actualízase cada ano coas peticións de paradas en ruta, de variante ou de ramal, que poidan facer os usuarios do transporte, no prazo destinado para iso, que ven coincidindo no mes de xullo do curso rematado.

Toda a información sobre rutas e alumnado transportado está aloxada na aplicación informática: <https://www.edu.xunta.es/transporteescolar/>


Este servizo funciona todos os días lectivos, de luns a venres. A chegada ao centro, tanto para educación primaria como para secundaria é entre as 9:00 e as 9:10 h. A saída do transporte é ás 15:45 tanto para educación primaria como para Secundaria, excepto os luns, que para educación primaria realízase ás 15:00 h. e para educación secundaria ás 18:15 ao teren clase pola tarde.

TRANSPORTE ESCOLAR		
	Ed. Primaria	Ed. Secundaria
Chegada ao centro	Ás 9:00-9:10h	Ás 9:00-9:10h
Saída do centro	Ás 15:00h os luns e ás 15:45 o resto dos días. Dobraxa da ruta PO0230 as 16:05h.	Ás 18:10h os luns e ás 15:45 o resto dos días. Dobraxa da ruta PO0230 as 16:05h.

Nos días 21 de decembro, 9 de febreiro e 21 de xuño nos que está previsto, previa autorización da Xefatura Territorial, que non haxa servizo de comedor por realizárense actividades complementarias no centro, o transporte de volta será ás 13:30 horas.



No presente curso, como aplicación da Orde de 23 de xuño de 2011 que regula a xornada de traballo dos docentes, establécense **quendas de garda do profesorado polas mañás de 8:55h a 9:15h**, en grupos de catro profesores (dous de primaria e dous de secundaria) cada día. Ao remate do servizo de comedor as gardas, até que marcha o transporte escolar, están **atendidas polo persoal colaborador do comedor**, coa mesma organización que existía en cursos anteriores. Os luns pola tarde, ao remate das clases de ESO, establécense quendas de vixilancia do profesorado de secundaria até a saída do transporte escolar.

TRANSPORTE ESCOLAR



LIÑA	EMPR.
RUTA PO0230 LANTANÓN DOBRAXE SANTO TOMÉ	CUIÑA
RUTA PO0229.1 SAN MARTINO	CUIÑA
RUTA PO0231 ARMENTEIRA SECUNDARIA	CUIÑA
RUTA PO0228 MEIS	CUIÑA
RUTA PO0050	RAÚL ALONSO
RUTA PO0664	NÚÑEZ BARROS
RUTA PO0665	NÚÑEZ BARROS

Rutas actualizadas polas compañías de transporte escolar con data 18 de maio de 2015



2 COMEDOR ESCOLAR

O C.P.I. Mosteiro-Meis dispón do servizo de Comedor Escolar na modalidade de **xestión directa**, de xeito que todos os menús son elaborados na cociña do propio centro.

O servizo de comedor regularase polo DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

O comedor escolar, que funciona todos os días lectivos de luns a venres, ten capacidade para 200 comensais, polo que é preciso facer **dúas quendas**. Así o alumnado de educación primaria come de 14:15 ata 15:00 h. e o alumnado de educación secundaria de 15:00 ata 15:45 h.

QUENDAS DE COMEDOR		
	Ed. Primaria 145 alumn@s	Ed. Secundaria 129 alumn@s
	1ª quenda: 14:15- 15:00h	2ª quenda: 15:00- 15:45h
Luns	O alumnado colle o transporte ás 15:00h	O alumnado colle o transporte ás 18:15h
De martes a venres	O alumnado colle o transporte ás 15:45h	O alumnado de colle o transporte ás 15:45h



USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR

CURSO	PRIMARIA						SECUNDARIA											
	1º		2º		3º	4º		5º		6º	1º		2º			3º		4º
GRUPO	A	B	A	B	A	A	B	A	B	A	A	B	A	B	C	A	B	A
USUARIOS	13	13	14	14	20	14	17	10	11	20	20	19	15	15	15	17	12	24
ETAPA	146						133											
TOTAL	279																	

USUARIOS QUE SÓ COMEN O LUNS (ESO)= 12

Non haberá comedor escolar, debido á realización de actividades complementarias no centro, os seguintes días: **21 de decembro, 9 de febreiro** (celebración do Entroido) e **21 de xuño**, previa autorización da modificación por parte da Xefatura Territorial.

Hai **9 colaboradoras** que se encargan da supervisión e vixilancia tanto dentro do comedor como no patio de recreo, mentres o alumnado está en período de lecer agardando a súa quenda de comedor ou saída do transporte. En todo caso, sempre se conta coa **presenza do profesor encargado do comedor e do director**.

Este curso no horario de comedor a biblioteca permanecerá aberta cun profesor de garda (de mércores a xoves). A intención é que o alumnado poida acudir á biblioteca para ir adiantando as tarefas escolares ou lecturas de lecer.

De martes a venres o alumnado en servizo de comedor está atendido dende as 14:15h (alumnado de primaria) ata as 16:00h aproximadamente que marcha o último transporte. Os luns, dado que o alumnado de secundaria ten clases pola tarde, o alumnado de primaria marcha ás 15:00 e o de secundaria queda atendido polas colaboradoras da quenda correspondente até o comezo das clases ás 16:30.

Hai **279 comensais** que fan uso regular do comedor escolar: 149 alumnos de educación primaria, 129 de educación secundaria dos cales 5 só quedan a comer os luns, 1 cociñeira e 3 axudantes de cociña, 9 colaboradoras, o profesor encargado do comedor e o director. En base ao número de comensais trátase dun comedor **tipo D**, polo que o **orzamento** do que dispoñemos para o presente cursoé, de xeito estimado:

$$146 \text{ alumnos primaria} \times 1,97\text{€} \times 172 \text{ días lectivos con comedor} + 121 \text{ alumnos secundaria} \times 2,28\text{€} \times 168 \text{ días lectivos con comedor} + 36 \text{ luns} \times 12 \text{ alumnos} \times 2,28\text{€} + 15 \text{ Personal de comedor} \times 2,28\text{€} \times 172 \text{ días lectivos con comedor} + =$$

$$102685,84\text{€}$$

Esta cifra haberá que multiplicala por un factor que estime as faltas de asistencia do alumnado:

$$102685,84\text{€} \times 0,96 = 98578,40\text{€}$$



Os comensais están distribuídos en mesas de seis alumnos/as por mesa, **atendidas cada 4 ou 5 mesas por unha colaboradora**. En cada grupo de mesas hai un encargado, que serve a comida aos seus compañeiros/as de mesa.

O alumnado de secundaria e de 5º e 6ª de primaria, organizados en **quendas** polo profesor encargado do comedor, **atenden á distribución da comida** polas mesas e ás necesidades que vaian xurdindo.

Durante o presente curso, o profesor **encargado** do comedor continúa sendo o profesor de Relixión, **Manuel Graña Bouzada**, o resto do persoal é:

Persoal de cociña:

Lucía Domínguez Baños (cociñeira)	Begoña Paz Varela
Carmen Castro Méndez	María Codina Penelas

Colaboradoras do comedor:

Juana Cardalda Carreira	Raquel Barros Casais
Lino Barreiro Torres	Rosana García Pouso
Mª Teresa Laiño Varela	Sandra Diz Martínez
Herminia Varela Varela	María Cristina Salgado Rivas
Mercedes Cores Martínez	

No presente continuarase impulsando medidas que melloren a utilización do comedor como aspectos estéticos e de hixiene, organización dos espazos e a reciclaxe de residuos.

Farase especial esforzo para dotar dunha prancha para a cociña así como mellorar estéticamente o espazo destinado a comidas.

Este ano continuaremos coas xornadas gastronómicas adicadas a rexións ou países estranxeiros. Aproveitarase para o envío de textos con historia, xeografía, curiosidades e datos de interese que fagan que o comedor se integre na vida académica do colexio. Esperamos facer unha xornada coma mínimo ao trimestre.

Outro dos puntos de mellora previstos para este curso é a diversificación dos menús para incluír novas receitas saudables. Tamén estudaremos a mellora na calidade dos produtos.

Deste servizo fan uso os alumnos/as que o solicitaron ao inicio do curso. O custe vén establecido na orde de comedores que serán aboados nunha entidade bancaria colaboradora da Consellería antes do día vinte do mes seguinte. O profesorado tamén pode utilizar o comedor previo aviso ao encargado do comedor cunha anticipación mínima de 4 horas. sendo o custe para este colectivo de 4,5€.